



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA A RENOVACIÓN DA SINALIZACIÓN EN VARIOS VIAIS MUNICIPAIS.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

O deterioro da sinalización horizontal de varios viais do concello do Porriño está a ocasionar un importante incremento da sinistralidade. Distintas circunstancias (obras en varias rúas do concello, instalación de novas empresas, restricións na circulación de tráfico pesado na N-550 e o desvío do mesmo cara a A-52, na saída da Risca) ocasionaron un extraordinario incremento do tráfico rodado sobre algúns viais e un acelerado deterioro da sinalización xerando unha inseguridade vial que afecta a condutores e peóns. Segundo o informe do xefe da Policía local do Porriño, do 1 de febreiro 2023, nos chamados puntos negros nos que as liñas viais xa non existen nalgúns dos seus tramos producíronse vinte nove accidentes de diversa consideración.

É necesario pois a renovación urxente da sinalización horizontal e a vertical alí onde sexa preciso.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en estímase en cento sete mil novecentos noventa e dous euros con cincuenta céntimos (107.992,50 €) IVE engadido. A Axencia Galega de Infraestruturas financiará a actuación con cargo á partida 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714A dos seus orzamentos para o



ano 2023.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Porriño e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

O elevado número de sinistros acaecidos xunto coa intensificación do tráfico no termo municipal do Porriño pon de manifesto unha situación grave que de non atallala seguirá poñendo en risco a vida de moitas persoas cada día. A gran inseguridade de varios viais xustifica a concesión dunha subvención directa ao concello do Porriño para a renovación da sinalización horizontal e vertical onde sexa necesaria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

